

ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 29 DE MARZO DE 2017

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no anexo I e coas persoas asistentes que se relacionan no anexo II.

Escusan a súa ausencia Laura Milagros Castro Souto, Manuel Reyes García-Hurtado, Sergio Santos del Riego, Isabel Novo Corti, María Eugenia Caruncho Gil e José Manuel Sánchez Santos. Escusou tamén a súa ausencia a vicerreitora do campus de Ferrol e de Responsabilidade Social, Araceli Torres Miño.

1. Informe do reitor

O **reitor** comezou informando das eleccións á dirección de departamentos, salientando que, como resultado, se incrementou até un 42 % (11 de 26) o número de mulleres directoras.

Dou conta de que o día 20 de marzo se asinou un acordo entre as universidades do SUG e Xunta acerca dos criterios para desenvolver o mapa de titulacións. A VOAID remitiu un documento informativo ao conxunto do profesorado.

Tamén trasladou a presentación inicial, celebrada no Paraninfo da Reitoría, das liñas de especialización do campus da Coruña (innova e sustentabilidade), tras o cal o proceso se abriu á participación da comunidade universitaria.

A seguir interveu o **vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** para informar dos asuntos seguintes:

- Programa InTalent: rematou o proceso de selección da primeira convocatoria. Dos 106 candidatos, os finalistas elixidos son Elena Pazos Chantrero (bioquímica), bolsaira Marie-Curie que traballa nun centro de investigación de Tarragona e José Antonio Cortés Vázquez, da área de antropoloxía, tamén ten unha Marie-Curie (Intra-european fellowship) e traballou en Sheffield e Manchester (R. Unido). Está programada unha presentación en rolda de prensa o vindeiro 17 de abril aproveitando a sinatura dos contratos.

- Dunha reunión con directora do GAIN o pasado venres 24: o GAIN ten previsto publicar novas convocatorias para grupos de investigación, unidades mixtas e programa INICIA (proba concepto).

- Cursos de Prevención de Riscos laborais para persoal de laboratorios: informa de que se están a realizar distintos cursos para persoal de laboratorio, que esixen as normativas de calidade. Concretamente, unha xornada de sensibilización no uso de máquinas e equipos de traballo, que terá lugar no campus de Ferrol o 4 de abril (edificio de apoio o estudo) e o 20 de abril no campus de Elviña (Escola de

Camiños). Enviúselles unha invitación ao persoal de laboratorio e a aos investigadores principais de proxectos, relacionados de forma conxunta por esta vicerreitoría e pola Xerencia, en que se lles solicitaba a participación nesta.

- Selo Europeo Human Resources Strategy for Researchers (HRS4R): estamos realizando diversas actuacións para responder ás suxestións feitas pola Comisión Europea, que indica que temos que implementar tarefas menores, como aumentar o número de enquisas. Para iso, ademais dun correo electrónico recordatorio a todos os investigadores, tamén se realizaron dúas xornadas específicas o pasado 23 de marzo, unha no Paraninfo e outra no campus de Ferrol, a raíz desta nova divulgación tivemos xa 140 respostas adicionais e tentamos chegar ás 200. Está prevista tamén unha convocatoria no CITIC para o vindeiro 24 de abril dos membros do equipo de traballo para analizar os resultados da enquisa e redactar a contestación á solicitude.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, informou dos asuntos seguintes:

- O día 03/03/2017 autorizouse a contratación pola lista de agarda da praza 16/5008 dun profesor ou profesora asociado/a T1 P03 na área funcional de Terapia Ocupacional debido ao déficit na capacidade docente na área para a xestión das estadias clínicas.

- O 07/03/2017 autorizouse a convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de contratado/a interino/a de substitución P06 na área funcional de Terapia Ocupacional co fin de cubrir a ausencia por maternidade dunha profesora colaboradora da área.

- O 14/03/2017 foi autorizada a transformación do contrato a contratado/a interino/a de substitución de catro profesores/as axudantes doutores/as que rematan o seu contrato durante o segundo trimestre do ano 2017. Estas transformacións fanse en aplicación do Acordo do Consello de Goberno do 28/05/2015 e ao non se poder convocar as correspondentes prazas de contratado/a doutor/a por falta de taxa de reposición suficiente.

- O 21/03/2017 autorizouse a integración no corpo de titulares de universidade dun profesor titular de escola universitaria tras acadar a acreditación correspondente, en aplicación da disposición adicional 2ª da Lei orgánica 4/2007, na área de Construcións Navais.

- O día 23/03/2017 abriuse un prazo ata o 10/04/2017 para a elaboración da PDA 2017/2018, despois das reunións cos/coas directores/as e decanos/as.

- Na sesión da COAP do 24/03/2017 autorizáronse tres venias docentes na EU de Relacións Laborais que contaban co informe favorable dos correspondentes

departamentos da UDC. Denegouse unha venia docente por ser informada negativamente.

A **vicereitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, de por parte, informou dos asuntos seguintes:

– O pasado xoves día 23 tivo lugar unha reunión dos vicerreitores das tres universidades do SUG na Secretaría Xeral de Universidades. Entre as cuestións máis destacadas está o feito de que en xullo deste ano temos que ter xa a planificación das titulacións da nosa universidade de aquí até o curso 2020/21. Canto á singularidade, no DOG do 30 de marzo, sairá unha resolución segundo a cal un título de grao declararase singular só cando sexa imprescindible. Tamén, canto aos mestrados, hai que sinalar que para facer o cómputo de alumnos vaise ter en conta a media dos tres últimos anos, é dicir, que a media do número de estudantes de novo ingreso nos tres últimos anos non poderá ser inferior a 20. O día 4 de abril haberá unha nova reunión para tratar especificamente das cuestións que atinxen á UDC.

– O CUFIE está a organizar un curso de verán titulado «Docentes conectad@s: o reto de educar na era dixital», que se realizará o 10 e o 11 de xullo de 2017, na Facultade de Ciencias da Educación. Estará dirixido ao profesorado universitario, de ensino secundario, bacharelato e FP. Tras mantermos unha entrevista co director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Manuel Vila López, e presentarlle o proxecto desde curso, amosou o seu interese e a súa disposición para o seu recoñecemento.

– O venres 10 de marzo celebrouse un Pleno da CRUE-Asuntos Académicos onde se presentaron os distintos grupos de traballo, e a UDC manifestou o seu interese de participar no GT de Calidade e de Ensino en liña (nova creación).

– O día 22 de marzo, o equipo directivo da EIDUDC, a UTC e eu mesma mantivemos unha reunión cos coordinadores/as dos programas de doutoramento, onde foron informados sobre o proceso de seguimento. Nesa reunión indicóuselles que todos os programas coordinados na UDC que se implantaron nos cursos 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016 deberán elaborar o autoinforme de seguimento. Non obstante, unicamente serán obxecto de informe pola ACSUG os programas participados só pola UDC que se implantaron no curso 2013-2014.

O **vicereitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** informou de que se acha en proceso de elaboración un manual de xestión orzamentaria, co fin de homoxeneizar o tratamento contable en todas as unidades de gasto da universidade, da continuación a bo ritmo das obras da futura residencia universitaria e da sinatura co Concello e coa Deputación do convenio para a mellora do estadio deportivo de Elviña.

A **vicereitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou dos seguintes asuntos:

- Da publicación da listaxe definitiva das axudas de carácter xeral do Plan propio da Universidade da Coruña destinadas ao aloxamento dos estudantes para o curso 2016-2017.
- Da publicación da convocatoria de correspondentes universitarios. O obxecto do programa de «Correspondentes Universitarios» na Universidade da Coruña é difundir a información xerada desde a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (DXXPV) da Consellería de Política Social entre o alumnado da Universidade da Coruña, favorecendo a participación dos estudantes tanto na elaboración como na difusión da información.
- Da aprobación do procedemento de admisión a as ponderacións, logo de ser aprobadas polos consellos de goberno das outras universidades galegas, para as probas de acceso á universidade. Estas ponderacións estaban propostas desde hai varios meses, tendo en conta o establecido sobre a proba ABAU na lexislación que sobre esta estaba publicada (Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016 do 22 de decembro, ditada en desenvolvemento do Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, que regula as avaliacións finais de secundaria, determina as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/2017, e a Resolución conxunta da Secretaria Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do 21 de febreiro de 2017 pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/2017, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade –ABAU– para curso 2017/2018). Esta lexislación establecía que o alumnado só podía examinarse na ABAU das materias de 2º de bacharelato, vinculadas á súa modalidade de bacharelato.
- De que durante o mes de marzo, a estrutura da proba ABAU e o número e tipo de materias de que se poderá examinar o alumnado de 2º de Bacharelato-LOMCE sufriu algunhas modificacións, por exemplo, que na parte voluntaria da proba e co obxecto de aumentar a nota de acceso, o alumnado tamén se podería examinar das materias troncais de modalidade diferentes á da modalidade de bacharelato cursada. Tendo en conta estas modificacións sobre a estrutura da proba ABAU, na reunión celebrada o luns na Secretaría Xeral de Universidades, a CIUG acordou propoñerlles ás universidades públicas do SUG unha serie de modificacións (a proposta de táboa de ponderacións modificada está actualmente publicada na páxina da CIUG) na táboa aprobada no seu día polos consellos de goberno respectivos. Estas modificacións son sempre de inclusión de materias e parámetros de ponderacións que agora poden ser obxecto de exame na parte voluntaria da ABAU. Por tanto, a nosa proposta, cando se chegue a un acordo entre as tres universidades, é no próximo Consello de Goberno propoñer unha modificación das ponderacións.

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** deu conta dos seguintes asuntos:

- Con data de hoxe péchase á convocatoria Erasmus+ de proxectos KA2 (Acción Clave 2: COOPERACIÓN PARA A INNOVACIÓN E O INTERCAMBIO DE BOAS PRÁCTICAS). Estes proxectos financian: Asociacións Estratéxicas no ámbito da educación, a formación e a xuventude; Alianzas para o coñecemento; O desenvolvemento de capacidades no ámbito da educación superior e o Desenvolvemento de capacidades no ámbito da xuventude. A UDC presentou nesta convocatoria 8 proxectos, 1 como coordinador e 7 como socios. Destes proxectos, 2 foron promovidos desde a EU de Arquitectura Técnica, 1 foi promovido conxuntamente desde a Fac. de CC da Educación e a de Economía e Empresa, outros 3 desde a Fac. de Ciencias da Educación, 1 desde a ETS Arquitectura e 1 desde a Fac. de Filoloxía. Este número de proxectos presentados supón un incremento respecto a 2016 en que se presentaron 6 proxectos.
- Comezouse a traballar nun grupo conxunto en que participan a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia e as tres universidades galegas para a promoción e o desenvolvemento de proxectos educativos e de investigación e transferencia en Cuba.
- Dentro da estratexia de captación de alumnos provenientes de sistemas educativos estranxeiros, estamos a traballar na sinatura dun convenio con Ecuador pola gran demanda da xente nova deste país para cursar estudos de grao en Enxeñaría e Arquitectura e tamén con dúas universidades da República Dominicana no nivel de doutoramento.

O **xerente** informou da negociación coa Xunta de Persoal sobre a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2017 indicando o seguinte:

O pasado venres, 24 de marzo, a Xerencia convocou a Xunta de Persoal para o vindeiro día 30 de marzo ás 11.00 h, co obxecto de negociar as seguintes cuestións:

1. Proposta da oferta de emprego público do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2017.
2. Proposta de convocatoria de promoción interna do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2017.
3. Concurso de traslados do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2017.
4. Tratar sobre os temas de acción social, propostos pola Xunta de Persoal no seu correo electrónico enviado á Xerencia o 17/02/2017.

Achegáronse os documentos correspondentes aos tres primeiros puntos da orde do día.

En cumprimento do acordado o 20 de novembro de 2015 entre as distintas organizacións sindicais e o Reitorado da UDC para o ano 2017, avanza-se na negociación da OEP para o ano 2017 e na promoción interna das prazas do Servizo de Informática Comunicaci3ns (SIC) e do persoal funcionarizado en 2015.

Hai que ter en conta que, de acordo co sinalado no apartado un do artigo 12 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Aut3noma de Galicia para o ano 2017 (DOG n3m. 28, 09-02-2017): «...suxeici3n aos l3mites e requisitos establecidos na normativa b3sica que se estableza ao respecto, e en particular, no referente 3 taxa de reposici3n de efectivos...», non ser3 posible facer efectiva a oferta de emprego p3blico do persoal de administraci3n e servizos da Universidade da Coru3na para o ano 2017, coa s3a conseguente aprobaci3n e publicaci3n no *Diario Oficial de Galicia*, ata que se aprobe e publique a normativa b3sica que estableza os l3mites e requisitos das ofertas de emprego p3blico e, en particular, a taxa de reposici3n de efectivos.

Esta 3, en resumo, a proposta de promoci3n interna enviada 3 Xunta de Persoal:

| Escala | Subescala | N.º de prazas | Sistema xeral | Persoas con discapacidade xeral | Persoas con discapacidade intelectual | Anexo |
|---|---------------------|---------------|---------------|---------------------------------|---------------------------------------|-------|
| Escala t3cnica superior da Universidade da Coru3na | Arquitecto t3cnico | 2 | | | | |
| | Inform3tica | 11 | | | | |
| | Documentalista | 1 | | | | |
| | Superior | 2 | | | | |
| Escala t3cnica de grao medio da Universidade da Coru3na | Inform3tica | 26 | | | | |
| | Medios audiovisuais | 2 | | | | |
| | Secretario t3cnico | 1 | | | | |
| | Grao medio | 1 | | | | |
| Escala t3cnica de especialista da Universidade da Coru3na | Conserxe | 1 | | | | |
| | Mantementos | 1 | | | | |
| Total de prazas: 48 | | | | | | |

Ademais, prop3nse unha oferta pola quenda de acceso libre cunha avaliaci3n econ3mica que posibilitar3a, dependendo do resultado da negociaci3n coa Xunta de Persoal, contar con 10 prazas.

3 vontade do equipo de goberno da UDC a convocatoria de xeito inmediato do dito concurso; logo da negociaci3n previa, e de ser o caso acordo, coa Xunta de

Persoal, coa finalidade de que os períodos de provisión de postos de traballo e de selección de persoal e promoción interna non alteren a prestación do servizo e non prexudiquen a carreira administrativa do persoal de administración e servizos da UDC.

A convocatoria deste concurso é, na súa meirande parte, coincidente coas bases da convocatoria do anterior, do ano 2014; as diferenzas responden a adaptacións normativas ou a propostas e acordos coa Xunta de Persoal.

A oferta realizada nesta convocatoria de provisión acomodárase ao proceso de promoción interna descrito, que se convocará en canto legalmente sexa posible e que, á súa vez, posibilitará o consecuente proceso de provisión de postos.

Ao fío do informe do xerente, o **reitor** nega calquera incumprimento dos acordos acadados coa representación do PAS, xa que non se asinou acordo ningún que obrigue a convocar conxuntamente todas as vacantes. Afirmar que se está a cumprir escrupulosamente o acordado.

2. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbese a acta coas modificacións indicadas polo profesor **Castedo**. O **secretario xeral** lembra, no entanto, que a acta só debe recoller os puntos principais das deliberacións e non unha transcripción literal destas.

3. Convenios e contratos

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dous convenios marco (2), sete convenios específicos (7), e sesenta e un convenios para prácticas (61) e que son aprobados por asentimento.

4. Aprobación, se proceder, da transferencia de crédito do capítulo II ao VI do orzamento da UDC

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** presenta a proposta que supón minorar o gasto corrente, co fin de incrementar o investimento, para permitir a adquisición dunha nova fotocopiadora para a Facultade de Dereito, cuxos importes figuran como **anexo IV**.

A proposta é aprobada.

5. Proposta de ampliación de prazos de preinscrición e matrícula nos estudos de mestrado universitarios para o estudiantado de sistemas universitarios estranxeiros

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** presenta a proposta explicando que responde á convocatoria da Xunta de Galicia de 100 bolsas de excelencia para que universitarios do exterior de orixe galega se poidan incorporar ao SUG. Iso obriga a flexibilizar os prazos de matrícula.

O calendario é aprobado segundo figura no **anexo V**.

6. Proposta de reserva de prazas para estudantes con discapacidade

Intervén de novo a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** para explicar que a proposta obedece á recomendación da Defensora del Pueblo de que se reserve un 5 % das prazas de mestrado e doutoramento para persoas con discapacidade. Ante a falta de regulación específica, sométese a proposta ao Consello de Goberno, que a aproba segundo figura no **anexo VI**.

7. Proposta de programa de simultaneidade de estudos entre o grao en Humanidades e o Grao en Información e Documentación

Presentada pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** e mais polo reitor, que indica que a proposta supón outro paso máis no camiño de asegurar a viabilidade desas titulacións.

A proposta é aprobada segundo figura no **anexo VII**.

8. Proposta de límite de prazas das titulacións de grao e mestrado universitario

Intervén a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** para presentar a proposta, que figura como **anexo VIII**, sinalando que é necesario corrixir a proposta do grao en Socioloxía, por canto a Facultade aprobou unha oferta de 110 prazas malia ser a do ano anterior de 95, que é a oferta que a vice-reitora propón manter co fin de cumprir a normativa da consellaría.

A proposta é probada, co cambio citado para o grao en Socioloxía.

9. Títulos propios de posgrao. Renovacións e nova implantación

Intervén de novo a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** para presentar a implantación dun novo título propio de Producción Xornalística e Audiovisual, promovido pola Facultade de Ciencias da Comunicación e a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. A vice-reitora solicita que o Consello de Goberno flexibilice a porcentaxe de docencia que debe ser impartida por profesorado propio da UDC, ao abeiro do previsto no art. 31 do Regulamento de títulos propios. Informa da vontade das entidades promotoras de que o título se converta, para o curso 2018-2019, en título oficial. Propón tamén a renovación do título propio de Introducción ao *Coaching*.

Toma a palabra o profesor **Moisés Canle** para solicitar información en detalle sobre o contido do último dos títulos citados. Quere saber, entre outras cousas, que significa «a maxia das preguntas poderosas», «intelixencia emocional» ou «a emoción da produción de resultados».

Indica o **reitor** que o problema, neste caso, non reside tanto no título que se autoriza canto nas derivacións indebidas que del se tiran e que por iso se está a pedir que se retiren da UDC as actividades non autorizadas. Anuncia que a Secretaría Xeral está a traballar nunha nova regulación para estas actividades. Engade o secretario xeral que do que se trata é de regular as actividades que non son títulos propios, que só contan coa aprobación do Consello de Departamento e que se desenvolven á marxe da OCC.

A profesora **Sánchez Simón** indica que na información facilitada non consta a relación de profesores e profesoras que a imparten e solicita que se remita.

O **reitor** esclarece que a transparencia é absoluta e que a Comisión Delegada do Consello de Goberno revisará que se cumpra toda a normativa aplicable, incluída a relativa á porcentaxe mínima de profesorado da UDC. Non se trata só de aprobar, mais tamén de facer o seguimento correspondente. Apróbase a proposta segundo figura no **anexo IX**.

10. Proposta de convocatoria de prazas dos corpos docentes (OEP 2016)

Presenta a proposta o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, indicando que conta coa aprobación da COAP e da mesa sindical.

A proposta que figura como **anexo X** é aprobada.

11. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado (OEP 2014)

Presenta a proposta o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, indicando que conta coa aprobación da COAP e da mesa sindical.

A proposta que figura como **anexo XI** é aprobada.

12. Proposta de solicitude de comisión de servizos de PDI

Intervén o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** para indicar que a proposta, referida a Francisco Caamaño Domínguez, catedrático da universidade de Valencia, conta co aval unánime da área de coñecemento de Dereito Constitucional e do departamento de Dereito Público.

Intervén **María Luísa Sánchez Simón** para sinalar que as preguntas que formulou na mesa sindical ficaron sen resposta. Despois de falar co resto de sindicatos do PDI conclúe que non pode apoiar a proposta sen que antes sexan

esclarecidos certos aspectos, en concreto, por que non se amortiza a praza e que vai pasar coa RPT. Solicita que se retire a proposta para ter máis información.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** indica que a proposta non afecta á taxa de reposición, ao se tratar dunha comisión de servizos. Canto á RPT, sinala que xa se verá no seu momento se é necesario modificala ou non.

O **reitor** toma a palabra para reiterar que a proposta xa pasou pola mesa sindical e que foi aprobada na reunión convocada para o efecto.

O profesor **Luís Hervella** intervén na mesma liña que a profesora Sánchez Simón e pregunta por que non foi amortizada a praza e por que neste caso se quere autorizar unha comisión de servizos para unha persoa concreta. Lembra que o fundamental é a estabilización.

A profesora **Teresa López** intervén para amosar a súa estrañeza polo recurso a un procedemento que non é habitual na UDC. Á marxe da taxa de reposición, pregúntase que vai acontecer logo de que pasen os dous anos de duración legal da comisión de servizos, porque se a cátedra vai saír a concurso lembra que na UDC hai un número elevado de profesorado titular acreditado á espera de poder acceder a unha cátedra. A cuestión, desde seu punto de vista, é se neses dous anos se van poder atender as demandas lexítimas dese colectivo de acreditados. Remata sinalando que a proposta lle lembra o que acontecía na UDC hai vinte anos.

A profesora **Fernanda Miguélez** fai súas as intervencións anteriores e sinala que aínda que se eliminasen as limitacións decorrentes da taxa de reposición, os orzamentos da UDC non permitirían o acceso á cátedra de todo o profesorado acreditado. Ao seu ver, a cátedra de Dereito Constitucional xa está por riba, mesmo coa xubilación do profesor Portero Molina, da taxa establecida pola Xunta e que, de se conceder a comisión de servizos, se situaría no dobre.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** di que é a primeira vez que desde unha área se solicita unha comisión de servizos que, por certo, é unha figura recollida na lexislación vixente. A comisión de servizos non compromete a taxa de reposición. E sobre o acceso á cátedra, afirma que a UDC si pode asumir todas as posibilidades de estabilización e promoción previstas nos orzamentos para 2017. Obviamente, o que a UDC non pode, cos orzamentos de 2017, é asumir, de vez, a promoción de todo o profesorado acreditado. Lembra que a UDC ten profesorado en comisión de servizos noutras universidades. Acerca do que sucederá ao remate da comisión de servizos, indica que existen diversas opcións: desde a comisión da Lei da ciencia ao concurso de traslado, pasando polo retorno á universidade de orixe.

Toma a palabra o **reitor** para indicar, en primeiro lugar, que o equipo de goberno é o primeiro interesado en que se cumpran os compromisos de promoción e estabilización, empregando ao 100 % as posibilidades que ofrece a taxa de reposición actual: primeiro estabilizar e logo promocionar (de AD a CD, logo de CD a TU e despois tantas de prazas de CU como de TU se convoquen). Prosegue dicindo que a xubilación do profesor Portero Molina vai contar na taxa de reposición e que a comisión de servizos é temporal e que o único que ocupa é carga docente. As prazas de CU, lembra, serán convocadas de acordo coas normas aprobadas pola UDC. O importante é poder aproveitar ao 100 % as posibilidades que permite a taxa de reposición, que non se vai ver afectada en absoluto. As prazas de CU que se convoquen serán as que resulten das convocatorias de TU e corresponderán ás áreas que corresponder de acordo cos criterios que se aproben. Afirma que cando foi vicerreitor nunca se solicitaron prazas en comisión de servizos, mais si foi autorizada a marcha en comisión de servizos de persoal da UDC.

Toma de novo a palabra a profesora **Sánchez Simón** para lle preguntar ao xerente se é posible que unha comisión de servizos non ocupe praza de RPT. Responde o xerente que no ámbito da Administración xeral si é posible.

Intervén o profesor **Anxo Calvo** para explicar o seu voto favorable á proposta na COAP porque na área hai necesidades docentes e a comisión de servizos ten carácter temporal. Non estaría de acordo, porén, con que a comisión de servizos se convertese nunha porta traseira de acceso ás cátedras na UDC.

A profesora **Teresa López** indica que non é o mesmo conceder unha comisión de servizos a PDI propio (aforro) que concederlla a PDI doutras universidades (gasto). As consecuencias para a UDC son claramente diferentes. Que acontecería, pregunta, se logo de dous anos hai unha petición de concurso de traslado? Porque para iso tería que existir unha praza e iso suporía, de se autorizar, saltar as prelacións existentes entre acreditados. Advirte de que a decisión que se adopte suporá un precedente para o futuro, cos desequilibrios correspondentes.

Fernanda Miguélez recoñecendo que se trata dunha práctica legal, non a considera procedente. Gustaríalle coñecer, di, as necesidades docentes da área.

O profesor **Luís Castedo** pregunta se a comisión de servizos é a tempo completo ou a tempo parcial (tanto o reitor como o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente indican que é a tempo completo e que as necesidades docentes resultan acreditadas).

Intervén o **reitor** para sinalar que non sempre as comisións de servizos que a UDC concede afectan a áreas excedentarias creando, pois, novas necesidades docentes. Reitera que a comisión de servizos non afecta nin á taxa de reposición

nin tampouco ás capacidades de promoción dos acreditados. Habendo como hai, engade, necesidades docentes, é cada área a que decide como atendela: ora cunha praza a tempo completo, ora con dúas a tempo parcial. No PDI non hai, lembra, a diferenza do PAS, unha RPT teórica. Conclúe asegurando que se van manter, porque hai orzamento, os compromisos de estabilización e de promoción.

Nona Inés Vilariño anuncia que se vai abster polo que denomina un prexuízo. Malia recoñecer que a proposta é legal e normal, teme que non obedeza a obxectivos exclusivamente académicos.

O **reitor** di que non pode xulgar intencións na proposta da área. O que si asegura é que por parte do equipo de goberno non hai intencionalidade política ningunha, evitando tanto os favoritismos como os preconceitos. A única valoración é académica e responde ao perfil académico da persoa proposta. Conclúe solicitando que se transmita que esta proposta non vai afectar nin ás posibilidades de promoción do profesorado acreditado nin tampouco á taxa de reposición.

A proposta foi aprobada por 17 votos a favor, 8 en contra e 4 abstencións, segundo figura no **anexo XII**.

13. Proposta de autorización de licenzas de PDI

Presenta a proposta o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, indicando que conta coa aprobación da COAP e da mesa sindical.

A proposta aprobada por asentimento figura como **anexo XIII**.

14. Quenda aberta de intervencións

Guillermo Lorenzo pregunta ao vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia se ten coñecemento de cando van ser convocadas as axudas predoutorais da Xunta.

María Luísa Sánchez Simón pide que se constitúa unha mesa de negociación como a da Universidade de Zaragoza, isto é, en que se asinen acordos e a que poidan asistir asesores técnicos para evitar o que acontece na UDC de que cando se afirma que certo colectivo asina ou non un acordo, o que sucede é que realmente, ás veces, non hai tempo suficiente para o estudar. Pide que se formalice a negociación colectiva na UDC.

O profesor **Luís Castedo** di que non se están a cumprir as normas do Plan director da CEPREA na convocatoria de eleccións á dirección dos departamentos, á marxe, indica, de que a resolución reitoral de convocatoria poida ser ou non adecuada.

Francisco Alonso Tajés, director do Departamento de Ciencias da Saúde, despídese do Consello e agradece os anos de traballo no Consello e deséxalle ao equipo reitoral sorte e acerto. Súmase á despedida o alumno **Guillermo Lorenzo**.

O **reitor** agradece a todos os directores e directoras de departamento a súa participación no Consello de Goberno.

Respondendo á cuestión formulada por Guillermo Lorezno, o **vice-reitor** anuncia que, segundo a súa información, as axudas predoutorais da Xunta serán convocadas en maio.

O **secretario xeral** afirma que si se están a cumprir as normas da CEPREA. O profesor **Castedo** teima no contrario. Terza o **reitor** para indicar que do que se tratou foi de simplificar o proceso electoral e evitar os problemas que xurdirían se houbera directores interinos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:15 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso